



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E REVENIDAS S.C PARA A IMPLEMENTACIÓN DA MEDIDA 41 : FEST GALICIA EN LIÑA XACOBEO 21 CA REALIZACIÓN DO FESTIVAL REVENIDAS EN CONSERVA.

REUNIDOS

Por unha banda **Román Rodríguez González**, en representación da **Axencia Galega das Industrias Culturais**, no sucesivo Agadic, con CIF Q-6550009-B, actuando en nome e representación da mesma en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

E doutra, **José Antonio González Boullosa** na súa calidade de representante da entidade **Revenidas, S.C.** co NIF **J94117678**, con sede na cidade de **Pontevedra**, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na documentación achegada.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN:

Primeiro. A **Axencia Galega das Industrias Culturais**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia





XUNTA DE GALICIA

pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións determinadas no artigo 5b) atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia, contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.

Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen segundo o establecido polo artigo 5.2 da Lei 4/2008.

Segundo. Pola súa banda, **Revenidas, S.C.** (segundo os seus estatutos), ten por obxecto a organización de festivais de música, de artes escénicas e outros proxectos afíns, e, atendendo aos seus fins, vén promovendo o **Festival Revenidas**.

Terceiro. A Agadic promove, desde 2018, a marca Fest Galicia para a promoción e posicionamento turístico de Galicia a través da relación da imaxe da Xunta de Galicia á imaxe de marca dun número selecto de festivais de música que se celebran no territorio galego e reúnen certas características e condicións de adhesión á marca Fest Galicia, esixidas na Resolución do 18 de decembro de 2019, conxunta da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Axencia Galega de Turismo de Galicia para Fest Galicia no ano 2020 (*Dog. Nº4, Mércores 8 de*





XUNTA DE GALICIA

xaneiro de 2020), proporcionando un moi elevado impacto en distintos ordes como pode ser publicitaria, económica, turística e cultural ademais dun gran retorno do investimento publicitario para a Xunta de Galicia, entre os que se atopa **Festival Revenidas**, que, ao abeiro da dita Resolución do 18 de decembro de 2019, foi adherido a mesma.

O día 14 de marzo de 2020 publícase no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma consecuencia da pandemia orixinada polo COVID-19. Este novo escenario social levou a cancelación dos festivais de 2020 ou a redución de actividades e públicos, producindo unha rotura do equilibrio de prestacións establecido nos dous anos anteriores coa citada marca e coas consabidas perdas económicas e de emprego, non só para o sector cultural senón para o turístico e para, a economía da nosa Comunidade Autónoma; ademais, os contratos de patrocinio non **se** puideron levar a cabo polo dito estado.

Cuarto. A Consellería de Cultura e Turismo, agora Consellería de Cultura, Educación e Universidade, consciente da dura situación deste sector e da incerteza que dificulta o normal desenvolvemento da súa actividade, puxo en marcha o Plan de reactivación nos sectores cultural e turístico fronte aos efectos da crise sanitaria provocada pola COVID-19, aprobado o día 30 de abril de 2020 no Consello da Xunta de Galicia.

Entre as medidas que recolle este plan está a **Medida 41 : Fest Galicia Xacobeo 21.**





XUNTA DE GALICIA

Esta medida consiste en paliar os efectos adversos da restrición do aforo que se está a producir nos festivais e que impiden o seu normal funcionamento, polo que é necesario contribuír ao seu financiamento e permitir establecer un sistema coordinado de festivais en liña co fin de preservar o tecido empresarial e ofrecer unha oferta de ocio a cidadanía.

Trátase dun programa para que as empresas organizadoras de festivais de música, que cumpriran os criterios incluídos na Resolución do 18 de decembro de 2019, conxunta da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Axencia Galega de Turismo de Galicia para Fest Galicia no ano 2020 (*Dog. Nº4, Mércores 8 de xaneiro de 2020*), continúen coa promoción das marcas Xacobeo 21 e Fest Galicia a través da realización das actividades no ano 2020, en concreto as seguintes: “Fest Galicia en liña Xacobeo 2021”, un programa de actividades dos festivais adheridos á marca Fest Galicia, da que é titular a Agadic, que engloba os seguintes festivais: Atlantic Fest, Cantos na Maré, Caudal Fest, Festival de la Luz, PortAmérica, Resurrection Fest, Revenidas, Ribeira Sacra Festival, Sinsal Son Estrella Galicia, SonRías Baixas, Underfest, Vive Nigrán, WOS Festival Son Estrella Galicia.

Quinto. O que se persegue coa realización deste festival é desenvolver parte da citada medida ao tempo preservar o tecido empresarial nacido para a súa realización ofrecendo unha oferta de ocio á cidadanía, a través de actividades varias, baixo a marca “Fest Galicia”.





XUNTA DE GALICIA

Por este motivo, resulta de interese público para a cultura de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medida encamiñada á reactivación do sector cultural fronte aos efectos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio a concesión dunha subvención directa polo importe establecido na cláusula segunda a **Revenidas, S.C.** para o desenvolvemento do **Festival Revenidas en conserva** realizando unha serie de actividades durante o ano 2020, que son:

-Concertos de pago e gratuítos de artistas galegos e locais en Vilaxoán e Vilagarcía.

-Representacións artísticas multidisciplinares en distintas prazas de Vilaxoán e Vilagarcía, de pago e gratuítas de artistas galegos e locais.





XUNTA DE GALICIA

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización **do Festival Revenidas en conserva 2020**, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que significa este Festival desde os seus inicios, e que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Revenidas, S.C. (en adiante Empresa) como beneficiaria do presente convenio, realiza as actividades antes descritas debendo cumprir coas obrigas establecidas nestas cláusulas así como os requisitos e obrigas establecidos no artigo 10 e 12 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e demais lexislación de xeral aplicación.

As actividades a realizar pola empresa beneficiaria xunto cos importes correspondente será recollidas e incorporadas nun anexo a este convenio, coa desagregación dos custos.

Segunda. Orzamento e financiamento pola Agadic.

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a **95.557,07€**:

Medida 41:Fest Galicia en liña Xacobeo 21 (2020)	
Concepto	Importe total
Festival Revenidas en conserva 2020	30.000€





XUNTA DE GALICIA

A Axencia Galega das Industrias Culturais obrígase a financiar a contía de 30.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A1.432B.770.0, código do proxecto **2015 00003** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2020.

Financiaranse os gastos incorridos para a realización do festival desde o 1 de xaneiro ata o prazo de xustificación.

Esta cantidade, 30.000€, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao orzamento presentado, a achega da Agadic diminuírase proporcionalmente.

No caso de que a empresa solicite pagamentos anticipados, segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderán concederse anticipos ata o 50% do importe da subvención concedida, que neste caso será de 15.000 € como máximo, e deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar ou realizadas co custo das actividades.

A empresa tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.





XUNTA DE GALICIA

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados. O artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

Terceira. Obrigas do beneficiario.

A empresa queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar todas as actividades precisas para que as mesmas se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.

- Incluír en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, polo que deberá incluír o logo da Xunta de Galicia, sempre debendo contar coa conformidade da Agadic con anterioridade a realizar calquera publicación.

Igualmente, deberá incluírse, nas súas accións promocionais, a marca Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).





XUNTA DE GALICIA

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.

-Comunicarlle á Axencia Galega das Industrias Culturais a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

-Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

-Presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime de *minimis* pola entidade beneficiaria nos tres últimos anos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107





XUNTA DE GALICIA

e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

-Subministrar á Axencia Galega das Industrias Culturais, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Galega das Industrias Culturais, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

Cuarta. Xustificación e pagamento

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 da Lei de Subvencións de Galicia o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve e conterá con carácter xeral coa seguinte documentación:

-Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

-Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:





XUNTA DE GALICIA

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento ,incluíndo xustificantes dos efectuados pola empresa para o desenvolvemento de actuacións obxecto do programa
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.





XUNTA DE GALICIA

g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

i) Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar cos correspondentes certificados que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

2. A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Agadic, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.





XUNTA DE GALICIA

4. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio, e que se **teñan efectuado desde o 1 de xaneiro 2020**.

5. Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

6. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

7. A Axencia Galega das Industrias Culturais resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

8. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio **ata o 30 de outubro de 2020**.

9. O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.





XUNTA DE GALICIA

Quinta. Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia

Sexta. Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de





XUNTA DE GALICIA

Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A empresa será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Sétima. Réxime de minimis.

Esta achega acóllese ao réxime de *minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013) .

A estes efectos a empresa presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime de *minimis*.

Ao estar esta axuda suxeita ao citado Regulamento (UE) 1407/2013, deberase garantir que, no caso de recibir a persoa beneficiaria outras axudas baixo este réxime de *minimis*, non se supera o límite de 200.000€ nun período de tres exercicios fiscais. Este





XUNTA DE GALICIA

límite aplicárase independentemente da forma da axuda de *mínimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso de acordo co establecido no artigo 2 do Regulamento.

Oitava. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Galega das Industrias Culturais.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais.





XUNTA DE GALICIA

Novena. Modificacións e resolución do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

O incumprimento do seu obxecto.

O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

O acordo unánime dos asinantes.

A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.





XUNTA DE GALICIA

Décima. Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6. Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Agadic, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo primeira. Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.





XUNTA DE GALICIA

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Galega das Industrias Culturais publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo, estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo segunda. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo terceira. Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de





XUNTA DE GALICIA

decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

Décimo cuarta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónica mente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.





XUNTA DE GALICIA

Décimo quinta. Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de outubro de 2020**.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio.

Pola Axencia Galega das Industrias Culturais

Pola empresa

O presidente

O representante legal

Román Rodríguez González

